

CAMPO DE TRABALLO “EUROCIDADE 2020” (EUROCIDADE CHAVES-VERÍN)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
15- 21/10/2018	18-30	Tranfronteirizo	Innovación social	10

LOCALIZACIÓN

A Eurocidade Chaves-Verín está constituída polo territorio que os municipios de Chaves e Verín ocupan no Val do Alto Tâmega no Norte de Portugal e Sueste de Galicia respectivamente.

DESCRIPCIÓN DO CAMPO DE TRABALLO

Os mozos e mozas asistentes participarán nun programa de prototipaxe de ideas.

Constituiranse grupos de traballo diferentes, en diferentes lugares e con diferentes fins. Cada grupo deberá elaborar un prototipo a través do cal farán unha serie de actividades de aprendizaxe interventivas en tres variantes transversais:

1) Prototipaxe turística–medioambiental

Creación de prototipos que desenvolvan o turismo medioambiental na zona (exemplo: app’s, rutas virtuais,..)

2) Prototipaxe virtual

Cartografía, planimetría e perfil dunha ruta
Códigos QR xeolocalizados con información sobre a flora, a fauna e os puntos de interese da zona.

3) Prototipaxe social

Desenvolvemento xuvenil: creación de prototipos xunto coa mocidade da zona para posibles opcións laborais, culturais, sociais, deportivas,..

Enriquecemento social: creación de prototipos para a posta en valor das persoas maiores e o seu tempo libre.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Visitas na zona Chaves–Verín: conxuntos históricos – artísticos naturais.
- Visitas ás termas da zona.
- Xogos deportivos e xogos tradicionais da zona transfronteiriza.
- Actividades de multiaventura.
- *Open Work Camp* “Carreira de orientación”.
- Veladas nocturnas.

NOTA: estas actividades complementarias son orientativas e están suxeitas a modificacións derivadas do propio desenvolvemento do campo de traballo.

COMO CHEGAR

Por estrada:

Empresa Monbus (www.monbus.es) 902292900

ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

Pensión completa en cuarto de uso múltiple.

INCORPORACIÓN

15 de outubro a partir das 12:00 horas.

Eurocidade Chaves-Verín

Antiga aduana

Avda. Portugal, s/n Feces de Abaixo

32699 Verín – Ourense

EQUIPO ACONSELLABLE

- Útiles de aseo (neceser completo) e toalla de ducha
- Saco de durmir, esteira e mochila para rutas
- Calzado axeitado para montaña e calzado deportivo
- Rroupa: de deporte (suadoiros...), de baño (traxe de baño, toalla, chancletas...), de abrigo (roupa axeitada para poder realizar o traballo no caso de chuvia ou frío), de auga (chuvasqueiro), de traballo (luvas, gorro, calzado cómodo, botas de montaña...).

DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu DNI e a tarxeta sanitaria.

SEGURO

Todas as persoas participantes dispoñen dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poidan derivar.

CONTACTO

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Tfno.: 981 544 645

INFORMACIÓN ADICIONAL

<http://es.eurocidadechavesverin.eu/> Portal de información da Eurocidade Chaves-Verín